

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026376	Punta Candieira	Cedeira	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CSELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0527	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0527_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	4	45	54
MP0527_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DEL CARMEN CASAS BLANCO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A programación didáctica do módulo Formación e Orientación Laboral desenvólvese partindo do DECRETO 138/2011, do 9 de Xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.

A programación realizada é para impartir no IES Punta Candieira no concello de Cedeira, A Coruña.

A inserción laboral do alumnado sitúase maioritariamente na area socioeconómica da zona, que demanda un bo número de especialistas tanto para empregos directos en empresas dedicadas ao desenvolvemento de proxectos, á xestión e á supervisión da montaxe e do mantemento de instalacións eléctricas no ámbito de edificios e con fins especiais, á instalación de sistemas domóticos e inmóticos, a infraestruturas de telecomunicación en edificios, a redes eléctricas de baixa e a sistemas automatizados, tanto por conta propia como por conta allea. E tamén como empregos indirectos en empresas relacionadas con outros sectores produtivos que requiren da titulación para a súa actividade.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A prevención de riscos laborais.	A prevención de riscos laborais.	14	7
2	O análise e avaliación de riscos laborais. A planificación das actividades preventivas.	O análise e avaliación de riscos laborais. A planificación das actividades preventivas.	30	17
3	Emerxencias, actuación no caso de accidente e primeiros auxilios.	Emerxencias, actuación no caso de accidente e primeiros auxilios.	10	6
4	A relación laboral e o contrato de traballo.	A relación laboral e o contrato de traballo.	14	14
5	O tempo de traballo e a súa retribución. A nómina.	O tempo de traballo e a súa retribución. A nómina.	14	14
6	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.	12	11
7	Os representantes dos traballadores.	Os representantes dos traballadores.	8	6
8	A Seguridade Social e as súas prestacións.	A Seguridade Social e as súas prestacións.	14	14
9	O traballo en equipo.	O traballo en equipo.	5	4
10	O proxecto profesional e a procura de emprego.	O proxecto profesional e a procura de emprego.	7	7

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos laborais.	14

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apareceu a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprenderonse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector industrial relacionado cos procesos de sistemas electrotécnicos e automatizados.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.

4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O análise e avaliación de riscos laborais. A planificación das actividades preventivas.	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector industrial relacionado cos procesos de sistemas electrotécnicos e automatizados.	SI
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.
CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.

4.2.e) Contidos

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector industrial relacionado cos procesos de sistemas electrotécnicos e automatizados en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector industrial relacionado cos procesos de sistemas electrotécnicos e automatizados.
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.

Contidos

Planificación da prevención na empresa.

Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

Medidas de prevención e protección individual e colectiva.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Emerxencias, actuación no caso de accidente e primeiros auxilios.	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

4.3.e) Contidos

Contidos
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A relación laboral e o contrato de traballo.	14

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

4.4.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Novos contornos de organización do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O tempo de traballo e a súa retribución. A nómina.	14

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.

4.5.e) Contidos

Contidos
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.	12

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

4.6.e) Contidos

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Os representantes dos traballadores.	8

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

4.7.e) Contidos

Contidos
0Representación das persoas traballadoras na empresa. Conflitos colectivos. Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados. Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A Seguridade Social e as súas prestacións.	14

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

4.8.e) Contidos

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de seguridade social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da seguridade social.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	O traballo en equipo.	5

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados, e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

4.9.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector industrial relacionado cos procesos de sistemas electrotécnicos e automatizados, segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	O proxecto profesional e a procura de emprego.	7

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

4.10.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.1. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.

Os mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva do módulo Formación e Orientación Laboral son os establecidos no DECRETO 138 /2011, do 9 de Xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados. Ditos mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva veñen reflectidos como resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos básicos para cada unidade formativa, e figuran detallados en cada unha das unidades didácticas desta programación.

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para o módulo profesional do ciclo formativo.

5.2.- Instrumentos e criterios de cualificación aplicados.

Combinarase a avaliación mediante probas obxectivas, realización de actividades, casos prácticos e traballos.

O alumno/a, deberá efectuar coa dilixencia adecuada e deberá entregar no prazo marcado pola profesora, todas as producións que lle sexan requiridas.

Os seguintes instrumentos de avaliación serán comúns para todas as unidades formativas:

- Diario de clase: Observación do traballo na aula, e cumprimento do prazo de entrega das producións.
- Proba obxectiva (unha ou varias por trimestre segundo o criterio da profesora, e consistirán en cuestionarios, preguntas e resolución de casos prácticos), realización de actividades, casos prácticos e traballos. Trátase dun conxunto de producións que se lle presentan ao alumnado para que demostre, de xeito individual, o dominio das capacidades e coñecementos, e poda dar resposta as diferentes situacións plantexadas pola profesora.

O peso de ditos instrumentos na avaliación parcial trimestral será a seguinte:

- 10% Observación do traballo na aula, e cumprimento do prazo de entrega das producións. No caso de entrega fora de prazo, permitirase entregar as actividades, casos prácticos e traballos ata a data límite establecida pola profesora, pero coa perda do 10% correspondente.
- 90% Probas obxectivas, realización de actividades, casos prácticos e traballos.

Requerirase un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada proba obxectiva, actividades, casos prácticos e traballos para alcanzar a avaliación positiva.

A cualificación do módulo será numérica entre 1 e 10, sen decimais. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5 puntos. Para acadar unha avaliación positiva o/a alumno/a deberá conseguir ou superar os 5 puntos.

A cualificación final do módulo será a media aritmética das cualificacións dos tres trimestres no caso de seren cada unha delas de 5 puntos ou máis sobre dez. No caso de ser algunha das tres ou varias inferiores a 5 puntos, o alumnado terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente, no mes de Xuño, que terá un peso do 100% e unha estrutura similar ás probas

específicas de avaliación trimestrais.

O alumnado que durante a realización dalgunha proba obxectiva, actividades, casos prácticos e traballos, realizara calquera acto de copia, suplantación ou cambio, obterá unha puntuación de 1 punto. A sanción afectará a todos os estudantes involucrados: quen copie e quen sexa copiado, por ser responsabilidade dos/as alumnos/as evitar que a súa proba ou traballo e todo o material avaliable sexa obxecto de copia. A reprodución total ou parcial de calquera material extraído de internet ou doutras fontes non autorizadas pola profesora, e que sexa utilizado para a avaliación do estudante, se considerará copia.

O módulo desenvolverase presencialmente.

Traballaremos na aula co libro de texto e co material proporcionado pola profesora. Complementarase o proceso de ensino-aprendizaxe coa aula virtual do IES Punta Candieira.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Recuperación Ordinaria:

No caso de ser algunha das tres ou varias cualificacións trimestrais inferiores a 5 puntos sobre 10, o alumnado terá dereito a realizar unha única proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente, no mes de Xuño, que terá un peso do 100% e unha estrutura similar ás probas específicas de avaliación trimestrais.

A avaliación do módulo considerarase superada cando o/a alumno/a obteña unha cualificación igual ou superior a 5 sobre 10 puntos. En todo caso, sempre segundo a lexislación vixente.

En canto aos resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos mínimos de ditos/as alumnos/as, serán os que figuran detallados en cada unha das unidades didácticas desta programación para o módulo de FOL e para o curso completo; establecidos no DECRETO 138/2011, do 9 de Xuño, que establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito a avaliación continua e co que, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente, no mes de Xuño, que terá un peso do 100% e unha estrutura similar á Proba específica de avaliación global e que, igual que esta, servirá para determinar se o/a alumno/a acadou os mínimos exixibles para cada Resultado de Aprendizaxe.

Esta proba de avaliación extraordinaria requirirá a entrega previa dos informes que a profesora teña previstos como obrigatorios con polo menos 10 días de antelación á data de realización da proba extraordinaria de avaliación.

Dito alumnado será avaliado de tódolos contidos impartidos ao longo do curso. A avaliación do módulo considerarase superada cando o/a alumno/a obteña unha cualificación igual ou superior a 5 sobre 10 puntos. En todo caso, sempre segundo a lexislación vixente.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación do módulo e da propia práctica docente realizarase periódicamente (por unidade didáctica, semanal, quincenal ou mensualmente) pola propia profesora por comparación entre o planificado e o executado realmente, rexistrando as modificacións necesarias. Mensualmente, as conclusións do seguimento da programación por parte da profesora comentaranse no seo do departamento de FOL, que servirán de base para a memoria de final de curso que se terá que presentar sobre o desenvolvemento da programación do módulo e coas estatísticas sobre cualificacións do alumnado.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial, para coñecer a situación de partida do alumnado e desta forma poder adaptar os contidos para que logren acadar os resultados de aprendizaxe, farase no primeiro mes de clase, mediante a observación da resposta do alumnado aos conceptos básicos. As conclusións sobre as características, formación previa e capacidades do alumnado serán obxecto de análise na avaliación inicial. Tamén contrastarase, en relación con este módulo, a base matemática previa, a competencia básica nas TIC e farase unha sondaxe sobre conceptos básicos relacionados coa prevención de riscos laborais, co traballo en equipo, co mercado laboral e coa búsqueda de emprego. Servirán como instrumentos para esta avaliación inicial a observación do alumnado, as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Está prevista legalmente a posibilidade de flexibilización modular do ciclo formativo, a solicitar antes do 31 de outubro de cada ano académico, para os/as alumnos/as con necesidades educativas especiais. A profesora, independentemente da flexibilización modular, poderá planificar actividades de apoio para aquel alumnado que non respondan globalmente aos obxectivos programados. Ao alumnado que non acade os obxectivos proporáselles tarefas de apoio para realizar na casa, as cales deberán entregárselle á profesora. En todo caso, o modelo de reforzo estará condicionado polo tipo de necesidade educativa de cada alumno/a, a metodoloxía, a organización da aula, o grao de coordinación entre o profesorado, os profesores e profesoras especialistas de que se dispoña, etc. Ademais, na reunión do equipo docente do Ciclo Formativo exporase a situación deste alumnado, a fin de que en consenso se tomen as medidas necesarias.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os temas transversais a tratar no módulo profesional ó longo do curso están relacionados co desenvolvemento das capacidades de relación social e comunicativas do alumnado, entendidas como un complemento necesario e importante a incluír en calquera titulación de tipo técnica.

Os temas transversais concretos a tratar son os seguintes:

- Desenvolar habilidades de relación social e interpersoal.
- Potenciar as actividades comunicativas, de negociación e de traballo en equipo.
- Fomentar a motivación.
- Educación ambiental, relacionado co bloque de saúde laboral, concretamente co tema de factores de riscos físicos, químicos, biolóxicos. É

preciso sensibilizar ao alumnado sobre a necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, con vistas á protección do medio ambiente.

Asimismo, fomentar nos futuros traballadores/as o espírito de traballo respectando os niveis de calidade e seguridades esixidos.

- Educación para a igualdade de oportunidades. Sendo o dereito á igualdade un dereito fundamental constitucional, o Estatuto dos Traballadores reconece este dereito á igualdade tanto no acceso ao emprego como nas condicións de traballo. A Lei Orgánica para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes introduce un importante cambio nas relacións laborais entre empresas e traballadores/as.

- Educación Moral e Cívica. Relacionada cos deberes que presiden a relación laboral, recollidos no art. 5.a) os traballadores deben cumprir as obrigas concretas do seu posto de traballo, de conformidade ás regras da boa fe e dilixencia, sendo causa de despido disciplinario a trasgresión da boa fe contractual de acordo co art. 54.1ºd).

- Educación para a Paz, non a violencia e cooperación. No tema de equipos de traballo expóñense diversas estratexias, entre outras, a participación na toma de decisións, o que conleva unha actitude de respecto hacia outras opinións e a aceptación da opinión maioritaria. Igualmente, no equipo e no posto de traballo haberá que traballar de xeito responsable e maduro, aceptando os obxectivos que se han de conseguir, aceptando as consecuencias das propias decisións e asumindo responsabilidades.

- Educación para a saúde. Presente en todo o bloque de saúde laboral, constitúe un dereito e un deber dos/as traballadores/as á integridade física e unha axeitada política de seguridade e hixiene no traballo e de prevención de riscos.

- Educación vial. Sinalización de seguridade e posibles accidentes in itinere.

- Educación para o emprego das TIC. Todas as unidades didácticas incorporan unha actividade de estratexias de información e comunicación para fomentar o emprego das TIC. Ademais disto, a profesora, a iniciativa propia ou a solicitude do alumnado, poderá fomentar na aula o emprego de programas básicos (tratamento de textos, folia de cálculo, presentación de diapositivas...) relacionándoo coas distintas unidades didácticas. Por exemplo: presentación do curriculum vitae e da carta de presentación obrigatoriamente mediante o emprego das TIC, e tamén o plan de prevención.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares serán as previstas polo Departamento, en correlación con outros Departamentos ou que poidan xurdir durante o curso, especialmente relacionadas coa prevención de riscos, os primeiros auxilios, cooperativismo e emprendeduría.

10. Outros apartados

10.1) Bibliografía

Libro de texto recomendado ao alumnado:

- Formación e Orientación Laboral. Actualizado Julio 2023.

Autores: Bruno J. García González, David Tena Cornelles, M^a Carmen De Fez Solaza, M^a Desamparados

García Ortuño e M^a Victoria Hernández Ricarte.

Editorial TuLibrodeFP.

ISBN: 978-84-16812-90-5